IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal



# PLAN DE ORIENTACIÓN
# IES ALLARIZ
# CURSO 2020-21

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO ………………………………………….. 3

2. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E COORDINACIÓN CON OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA …………………………………… 5

3. OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN …………………….5

4. ACTUACIÓNS PRIORITARIAS ..........................................................................6

4.1.Medidas de seguridade do departamento de orientación e aula de PT e AL ante a situación escolar polo Covid-19 ……………………………………………………7

4.2. Apoio o proceso E-A ........................................................................... 8

4.3. Plan Acción Titorial ………………………………………………………..…..10

4.4. Plan de orientación académica e profesional ……………………………..…. 20

4.5. Apoio do profesorado de pedagoxía terapéutica e de audición e linguaxe …..28

4.6. Aportacións do departamento ao proxecto lector e plan anual de lectura .......30

4.7.Actividades complementarias planificadas polo departamento para o curso ........................................................................................................ 31

4.8. Organización do traballo en caso de ensino non presencial:……………………32

4.8.1. Orientadora

4.8.2. mestra de pedagoxía terapéutica

4.8.3. mestre de audición e linguaxe

5. IMPLEMENTACIÓN DO POE ……………………………………………………..…… 35

6. AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN ……………………………………….….. 35

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


## 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A Lei Orgánica 2/06 do 3 de maio de Educación, parte de tres grandes principios fundamentais:

- proporcionar unha educación de calidade a todos os ciudadanos de ambos sexos;
- o principio de esforzo compartido para conseguir a calidade e equidade educativa e
- o compromiso cos obxectivos educativos plantexados pola Unión Europea.

Para conseguir que estos principios se convirtan en realidade a presente lei pretende actuar en varias direccións complementarias. En primer lugar concebir a educación como un proceso permanente, en segundo lugar, flexibilidade no sistema educativo e en terceiro lugar autonomía nos centros para adecuar as ensinanzas a súa realidad socioeducativa.

No Título Preliminar, capítulo I entre os principios do sistema educativo español, situa a **orientación educativa e profesional** dos estudiantes como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores. Así mesmo no punto dous, sinala entre outros a orientación educativa e profesional como un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza.

Por todo esto a ***orientación*** é entendida como un elemento do curriculo cuio obxectivo debe ser optimizar o rendemento da ensinanza mediante un adecuado asesoramento a comunidade educativa co fin último de mellorar a calidade da enseñanza e posibilitando o desenrolo integral do alumno. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ó desenvolvemento persoal, ós procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións.

En consecuencia, o ámbito de actuación da orientación terá en conta as variables nas que se contextualiza a actuación docente, é decir, todos aqueles aspectos socioeconómicos e culturais da zona, sendo necesario coordinar con diferentes profesionais especializados, tanto en ámbitos da psicopedagoxía como de servicios sociais ou sanitarios.

Dacordo co establecido no **D. 120/98** polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e na **Orde do 24 de xullo** que o desenvolve, os servicios de orientación se configuran como:

- ♦ Servicios Internos:
  - Tutores/as.
  - Departamento de Orientación.

- ♦ Servicios externos:
  - Equipos de Orientación Específicos.

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


Nesta línea, o Departamento de Orientación debe constituir a garantía de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente o alumnado, o profesorado e as familias mediante un plan de actuación común entre o diferentes profesionais.

Para realizar o Plan de Orientación debemos partir dunha análise do PEC e da Memoria Anual do Departamento de Orientación, tendo en conta as características dos diferentes membros que compoñen a comunidade educativa, é decir, entorno socio-cultural, centro, alumnos, familias.

O I.E.S. de Allariz está situado na provincia de Ourense a uns 18 km aproximadamente da cidade. Recolle o alumnado do concello de Allariz e de municipios cercanos como Xunqueira . O centro de primaria de Allariz conta cun departamento de orientación e o de Xunqueira con orientadora itinerante. O especialista de audición e linguaxe neste curso compartirémolo co CEIP de Sandiás, asistindo ao IES luns e xoves.

O centro conta neste curso cun total de 35 profesores/as. En canto a matrícula de alumnos/as este curso é de 261 . O horario do centro é dende 8:30 a 14:10 polas mañas e 16:00 a 17:40 luns pola tarde. Existe servicio de transporte e comedor. Neste curso pola situación covid-19 o horario foi modificado a nivel interno tendo un só recreo en vez de dous como ata agora. O centro foi adaptado a situación sociosanitaria que vivimos nestes momentos (ver protocolo covid centro)

O **alumnado** e moi variado en canto a idade a rendemento escolar, intereses, preferencias e motivacións. Por outra banda, os/as alumnos/as teñen as necesidades educativas propias da idade e momento evolutivo en que se atopan: a nivel motivacional, de autocontrol, de orientación, emocional, de adaptación e integración familiar, escolar e social. Dentro das características diferenciais do alumnado podemos sinalar a existencia de necesidades educativas diversas, asi como alumnos/as que necesitan reforzo educativo, exencións, agrupamentos flexibles, adaptacións do currículo.

As **etapas educativas** que se imparten no instituto son as seguintes:

- ***E.S.O.*** :
  - 1º (tres liñas)- 58
  - 2º (tres liñas)- 61
  - 3º (tres liñas)- 40
  - 4º (dúas liñas)- 40

- ***BACHARELATOS:***
  - *1º* (dúas liñas) *Ciencias e Tecnoloxía; Humanidades e ciencias Sociais.-32*
  - *2º* (dúas liñas) *Ciencias e Tecnoloxía; Humanidades e ciencias Sociais.- 28*

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


## 2. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Dep. de Orientación para o curso 20120/21 estará formado por:

- **Orientadora** ............................ Angeles Miranda Babarro
- **Prof. Ped. Terap.** .................... Elvira Macías
- **Titor do ámbito lingüístico** ….. Daniel Alexandre Iglesias
- **Titor do ámbito científico** .......... Vanesa Parga
- **Audición e linguaxe** …............ Luis Ramón Asteinza

A orientadora e o profesorado de pedagoxía terapéutica e de audición e linguaxe reuniranse unha vez a semana para realizar un seguimento do alumnado obxecto de atención por parte destes especialistas. Levantarase acta como mínimo unha vez ao mes. As reunións co profesorado titor celebraranse cando se estime necesario, previa convocatoria por parte da xefa do departamento.

**Coordinación con outros membros da comunidade educativa:**

**Co equipo directivo**, de cara a promover, coordinar e facilitar o deseño e desenvolvemento das actividades de orientación e titoría, así como procurar a dispoñibilidade de espazos e tempos axeitados e recursos humanos e materiais para a execución das mesmas.

Co **profesorado titor**, para o deseño e desenvolvemento do plan de acción titorial e o seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Co **profesorado en xeral,** para organizar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito que se dirixa á educación integral e personalizada dos alumnos e alumnas, para asesoralos na implementación das oportunas medidas de atención á diversidade e para realizar o oportuno seguimento destas medidas.

**Cos servizos sociais** e co **servizo de Menores**, para a colaboración na detección de situacións de risco dos menores e na intervención para mellorar as condicións persoais e familiares.

Cos **departamentos de orientación dos centros adscritos** (CEIP Padre Feijoo, CEIP Xunqueira): manteranse encontros periódicos co fin de unificar criterios de actuación no labor orientador.

**Outros:** cos responsables de programas de prevención e intervención (Cruz Vermella, Educadoras familiares e sociasles do concello, Centro Quérote, Plan Director...) para organizar actividades conxuntas dirixidas á comunidade educativa.

## 3. OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

- Colaborar e contribuir na finalidade da E.S.O.; en lograr que adquira os elementos básicos da cultura, os aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para

a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás, é dicir, **contribuir o desenrolo das competencias básicas.**

- **Contribuir a personalización da educación**, é decir, a súa **integridade**, alcanzando a tódolos aspectos da persoa, e tamen a sua **individualización**, referindo a educación a persoas concretas, con aptitudes, intereses diferenciados.
- **Axustar a resposta educativa as necesidades particulares do alumnado**, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas, adecuando a escola os alumnos e non o revés.
- Cooperar e resaltar os aspectos orientadores da educación," **orientación na vida e para a vida"**, atendendo o contexto real dos alumnos e o seu futuro.
- Favorecer os procesos de **madurez persoal**, **desenrolo da propia identidad**, os sistema de valores e a progresiva **toma de decisións**.
- **Previr as dificultades de aprendizaxe** e non só asistilas cando xa se produciron, anticipándose a elas, e evitando no posible fenómenos indesexados como o abandono, fracaso e a inadaptación social.
- **Asegurar a continuidade educativa** a través das diferentes áreas, materias, ciclos, etapas e cando sexa necesario na transición dun centro educativo a outro.
- **Contribuir na adecuada relación e interacción** entre os distintos integrantes da comunidade eductiva: **profesores, alumnos e pais**, así como entre a comunidade educativa e o **entorno social**.
- **Contribuir** a toda clase de factores de **innovación e de calidade** da ensinanza

## 4. ACTUACIÓNS PRIORITARIAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

APLICANDO A CIRCULAR 10/2010 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA***.***

**ACTUACIÓNS COMÚNS DOS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN:**

1. relacionadas coa inclusión a diversidade
2. relacionadas coa acción titorial
3. relacionadas coa convivencia e coa educación en valores
4. relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso
5. relacionadas cos procesos de avaliación e calidade
6. relacionadas co drdorienta.

**ACTUACIÓNS PARA OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN DE E.S.O.:**

a. relacionadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais
b. relacionadas coa coordinación dos departamentos de orientación
c. relacionadas coa atención a diversidade e coa circular 8/2009.

**ACTUACIÓNS PARA OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN EN RELACIÓN COA SITUACIÓN EDUCATIVA COVID-19:**

- actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación cos/cas titores/as.
- Accións dirixidas ao coidadado e benestar emocional.

- Asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención a diversidade.
- Adaptación da función orientadora á situación do momento.

**MEDIDAS DE SEGURIDADE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (DESPACHO EDIFICIO ESO) E AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (EDIFICIO BACHARELATO) ANTE A SITUACIÓN COVID-19**

A parte das medidas de seguridade de carácter xeral no **despacho de orientación** será necesario:

→ Dispensador de gel desinfectante na entrada ao despacho para desinfección de mans antes de entrar.
→ Dispensador de papel dentro do despacho.
→ Limpiador desinfectante multiusos.
→ Papelera con bolsa e tapa accionada por pedal.
→ A zona de traballo (mesa despacho, ordenador, teléfono) será de uso exclusivo da orientadora (zona limpa)
→ Aforo máximo dúas persoas e a orientadora (distancia de 2metros)
→ Pódense por marcas no chan- mesa reunión indicando a disposición das persoas.
→ Evitar compartir material coas persoas que acudan ao despacho.
→ Unha vez finalizada a visita ao departamento, a orientadora procederá a desinfección e ventilación (10 minutos) antes da entrada doutra persoa.

A parte das medidas de seguridade de carácter xeral na **aula de audición e linguaxe e pedagoxía terapéutica (edificio bacharelato)** será necesario:

→ A aula permanecerá pechada con chave e será de uso exclusivo por parte dos membros do departamento de orientación (orientadora, PT e AL)
→ Dispensador de gel desinfectante na entrada a aula para desinfección de mans antes de entrar.
→ Dispensador de papel dentro da aula.
→ Limpiador desinfectante multiusos.
→ Papelera con bolsa e tapa accionada por pedal.
→ A zona de traballo (ordenador, teléfono) será de uso exclusivo de AL., PT e orientadora.

→ Aforo máximo tres persoas e profesor/a AL ou PT (distancia de 1.5 metros)

→ No caso de non ser posible o uso de máscara na intervención directa cun alumno/a utilizarase unha mampara de separación.

→ Pódense por marcas nas mesas indicando a disposición do alumnado.

→ Evitar compartir material coas persoas que acudan a aula.

→ Unha vez finalizada a clase, o profesor/a AL, PT procederá a desinfección e ventilación (10 minutos) antes da entrada doutro/a alumno/a.

***Estas liñas prioriarias de actuación serán canalizadas a través de:***

1. – **Plan de Apoio o proceso de Ensino- Aprendizaxe.**

2. **– Plan de Acción Titorial.**

3. **– Plan de Orientación Académico-Profesional**

## 4.2. APOIO O PROCESO DE E-A

O sistema educativo propugna unha escola comprensiva; este principio demanda unha educación integral que recoñezca a diversidade que dé respostas educativas axustadas os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Por todo esto a escola debe flexibilizarse e dar cabida a diversidade en canto a intereses, capacidades e motivacións favorecendo unha adecuada atención e integración a aula e o centro.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Asesorar o equipo directivo, departamentos didácticos, profesorado sobre lexislación e materia educativa.
- Asesorar ós órganos directivos e departamentos didácticos en aspectos psicopedagóxicos, en temas de avaliación-promoción-titulación e colaborar con eles na organización e planificación de actividades educativas do centro.
- Diseñar xunto o profesorado medidas de atención a diversidade.
- Colaborar co profesorado na prevención e detección de dificultades e problemas de aprendizaxe nos alumnos/as.
- Asesorar o profesorado para a realización dunha avaliación inicial, formativa, continua e integradora, unificando criterios e procedementos para a avaliación, promoción e titulación do alumnado.
- Asesorar o profesorado sobre as medidas de atención a diversidade que se pretenden levar a cabo
- Identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación cos/cas titores/as.
- Proporcionar o alumnado estratexias e procedementos que faciliten o seu proceso de aprendizaxe.

- Fomentar e facilitar as relacións dos pais cos profesores para atopar solucións os problemas educativos que afecten os seus fillos.
- Implicar as familias nas actividades de apoio e reforzo dos seus fillos, principalmente en alumnos con necesidades educativas.
- Establecer mecanismos de coordinación entre os centros adscritos e o instituto.
- Colaborar cos servicios sociais  en todos aqueles aspectos que esten afectando o proceso educativo dos nosos alumnos/as.

## ACTIVIDADES  A DESENROLAR RESPECTO A:

### Centro

- Asesorar o equipo directivo, departamentos didácticos, profesorado sobre materia educativa.
- Participación activa nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, asesorando nos aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos ou en calquer outro tema.
- Colaborar cos Departamentos Didácticos na planificación e seguimento da diferentes medidas de atención a diversidade que teñamos posto en marcha, reforzos, agrupamentos, apoios, AC.
- Colaborar no desenvolvemento de programas específicos cos diferentes departamentos didácticos, principalmente por parte da PT-AL.
- Colaborar no desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para o alumnado procedente do estranxeiro
- Asesorar o profesorado sobre criterios metodolóxicos que poidan previr dificultades de aprendizaxe e ante unha posible práctica educativa telemática.
- Colaborar co centro adscrito en cantas actividades sexa requerida.

### Alumnos:

- Colaborar na realización das avaliacións iniciais proporcionando asesoramento e apoio técnico sobre a súa realización.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas  cando sexa oportuno.
- Planificar xunto cos titores, actividades de mellora das técnicas e estratexias de apredizaxe dos alumnos.
- Seguimento dos alumnos que presenten dificultades académicas para adoptar algunha medida de atención a diversidade.
- Colaborar no afianzamento de hábitos de estudio e traballo, así como no fomento da valoración do esforzo no traballo
- Continuar o apoio, asesoramento e seguimento en situación de ensinanza non presencial.

### Pais:

- Orientar as familias sobre calquer aspecto ou duda que poida xurdir respecto  o proceso de E-A do seu fillo.
- Entrevistas individuais co titor e a orientadora cando sexa necesario.
- Proporcionárlles información sobre as diferentes opcións académicas que pode seguir o seu fillo e implicalos no proceso educativo.
- Asesorar en situacións de ensinanza telemática
- Contribuir ao benestar emocional.

## RECURSOS

A  nivel xeral podemos establecer:

- Personais: equipo docente, departamento de orientación: profesora de pedagoxía terapéutica, profesor de audición e linguaxe e orientadora, equipo de orientación específico, pais, servicios sociais...
- Materiais: bibliográfico, elaborado polo Departamento de Orientación, novas tecnoloxías (blogs, pax web, programas específicos ...)

## AVALIACIÓN

Cada actuación será obxecto de reflexión e avaliación por parte dos axentes implicados no seu diseño e desenrolo.

Os instrumentos que utilizaremos serán cuestionarios, entrevistas, obsevacións, análise de tarefas...

Os criterios de avaliación que nos aportarán información serán entre outros:

* Nivel de implicación da comunidade educativa
* Grao de cumprimento das liñas prioritarias
* Satisfacción dos diferentes membros
* Disminución das necesidades educativas
* Detección de necesidades
* Eficiencia, eficacia das actuacións.

## 4.3.PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A titoría é un elemento esencial da función docente, xa que esta consiste na propia educación baixo o aspecto de personalización na súa doble vertente: **individualización e integración**. Deste xeito a titoría é parte esencial do desenrolo curricular e forma parte da función docente.

O PAT debe entenderse como un conxunto de accións que teñen un carácter complementario os procesos de ensinanza e que se levan a cabo cun grupo de alumnos/as.

A acción titorial é unha función cooperativa, compartida por tódolos profesores dun grupo de alumnos, ainda que recaiga o maior peso sobre un deles.

O obxetivo xeral do PAT será o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.

### OBXECTIVOS DO PAT:

- *Impulsar o desenrolo psicosocial dos alumnos/as:*

  - Facilitar a integración no grupo clase e no centro
  - Desenrolar un nivel adecuado de autoconcepto e autoestima
  - Favorecer o desenrolo da madurez vocacional
  - Impulsa-la participación dos alumnos na vida do centro
  - Transmitir actitudes, valores propios das sociedades democráticas
  - Favorecer o seu benestar emocional.

- *Optimizar o proceso de E-A* :

  - Previr e detectar dificultades de aprendizaxe

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


- Coordinar os procesos de evaluación
- Coordinar as respostas educativas
- Adecuar o currículo o contexto escolar e as necesidades educativas
- Impulsar o desenrolo de estratexias de aprendizaxe autónomo

- *Coordinar o equipo docente*:

    - Fomentar o desenrolo dunha evaluación continua
    - Coordinar o axuste das programacións
    - Contribuir a formación do profesorado
    - Contribuir ao seu benestar emocional.

- *Orientar o pais/nais na súa labor educativa*:

    - Fomentar a súa participación na vida do centro
    - Proporcionar información sobre a marcha dos seus fillos
    - Asesorar en situacións de conflicto.
    - Asesorar en situacións de ensinanza telemática.
    - Contribuir ao seu benestar emocional.

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


**1º ESO:**

| | | |
|---|---|---|
| PRIMEIRO TRIMESTRE | Setembro | ➢ Acollida.<br>➢ Protocolo COVID-19 do IES Allariz<br>➢ Cuestionario persoal. Situación educativa, conectividade e emocional ante a Covid 19<br>➢ Información sobre a etapa na que ingresan ( estructura, materias, promoción, titoría…) |
| | Outubro | ➢ Programación da hora lectiva de titoría.<br>➢ Técnicas e Hábitos de estudio: medios telemáticos<br>➢ Concurso aula máis limpa.<br>➢ Elección de delegado/a. |
| | Novembro | ➢ Coordinación co Plan Anual da Biblioteca:<br>    ➢ Hora de ler.<br>    ➢ Funcións da biblioteca.<br>    ➢ Difusión actividades organizadas dende a biblioteca. |
| | Decembro | ➢ Técnicas e Hábitos de estudio: uso da axenda, a planificación escolar e organización do estudio, pizarra e deberes aula.<br>➢ Normas de convivencia:<br>    ➢ Corto: "Convivencia"<br>    ➢ N.O.F<br>    ➢ Somos un grupo: Normas de aula<br>➢ Programa de Habilidades sociais, Educación Emocional e en Valores:<br>    ➢ Educando na prevención da violencia de xénero.<br>➢ Continuación do Programa de técnicas e hábitos de estudio: así estudio.<br>➢ Sesión preavaliación<br>➢ Entrega boletín cualificacións 1º Avaliación. |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | Xaneiro | ➢ Sesión postavaliación.<br>➢ Continuación do programa de técnicas e hábitos de estudio: lectura comprensiva, suliñado, resume, esquema, exámenes. |
| | Febreiro | ➢ Programa de Habilidades sociais, Educación Emocional e en Valores :<br>    ➢ Non a violencia sí a Paz.<br>    ➢ Identifico emocións |
| | Marzo | ➢ Programa de Habilidades sociais, Educación Emocional e en Valores: convivencia, emocións, empatía, axuda, amistade, resolución de conflictos, prevención de consumo de drogas, desenvolvemento afectivo sexual.<br>    ➢ Película<br>    ➢ Día da muller traballadora.<br>➢ Sesión preavaliación.<br>➢ Entrega boletín cualificacións 2º Avaliación. |

| | | |
|---|---|---|
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | Abril | ➢ Sesión postavaliación.<br>➢ Continuación do Programa de Habilidades sociais, Educación Emocional e en Valores:<br>➢ |
| | Maio | ➢ Orientación académica<br>➢ Avaliación da titoría. |
| | Xuño | ➢ Entrega boletín cualificacións Avaliación ordinaria Final. |

**2º ESO**

| | | |
|---|---|---|
| PRIMEIRO TRIMESTRE | Setembro | - Acollida.<br>- Protocolo COVID-19 do IES Allariz<br>- Información sobre o novo curso ( estructura, materias, promoción, titoría…)<br>➢ Cuestionario persoal. Situación educativa, conectividade e emocional ante a Covid 19<br>- Programación da hora lectiva de titoría. |
| | Outubro | - Técnicas e Hábitos de estudio: medios telemáticos<br>- Concurso aula máis limpa.<br>♦ Elección de delegado/a.<br>♦ Coordinación co Plan Anual da Biblioteca:<br>♦ Hora de ler.<br>♦ Funcións da biblioteca. |
| | Novembro | ♦ Difusión actividades organizadas dende a biblioteca.<br>♦ Normas de convivencia: |
| | Decembro | ♦ Corto: "El Circo de la mariposa"<br>♦ NOF<br>♦ Somos un grupo: Normas de aula<br>♦ Técnicas e Hábitos de estudio: uso da axenda, a planificación escolar e organización do estudio, pizarra deberes aula. Lectura comprensiva, suliñado, resume, esquema.<br>♦ Programa de Habilidades sociais, Educación Emocional e en Valores:<br>♦ Educando na prevención da violencia de xénero.<br>♦ Programa de Habilidades sociais. Educación Emocional e en Valores: Autoconcepto.<br>♦ Sesión preavaliación<br>♦ Entrega boletín cualificacións 1º Avaliación. |
| | Xaneiro | ♦ Sesión postavaliación. |

| | | |
|---|---|---|
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | Febreiro | ♦ Programa de Habilidades sociais, Educación para o benestar Emocional e en Valores: convivencia, emocións, empatía, axuda, amistade, resolución de conflictos, prevención de consumo de drogas, desenvolvemento afectivo sexual:<br>♦ Non a violencia sí a Paz.<br>♦ ciclo educación sexual: **educadoras servizos sociais-Concello Allariz.**<br>♦ Traballamos en grupo. |
| | Marzo | ♦ Día da muller traballadora.<br>♦ Sesión preavaliación.<br>♦ Entrega boletín cualificacións 2º Avaliación. |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | Abril | ♦ Sesión postavaliación.<br>♦ Continuación do Programa de Habilidades sociais, Educación para o benestar emocional e en Valores :<br>♦ |
| | Maio | ♦ Aprender a decidir. Orientación académico profesional |
| | Xuño | • Avaliación da titoría.<br>• Entrega boletín cualificacións Avaliación Final Ordinaria. |

**3º ESO**

| | | |
|---|---|---|
| PRIMEIRO TRIMESTRE | Setembro | - Acollida.<br>- Protocolo COVID-19 do IES Allariz<br>- Información sobre o novo curso ( estructura, materias, promoción, titoría…)<br>➢ Cuestionario persoal. Situación educativa, conectividade e emocional ante a Covid 19<br>➢ Técnicas e Hábitos de estudio: medios telemáticos<br>- Programación da hora lectiva de titoría. |
| | Outubro | - Elección de delegado/a.<br>- Concurso aula máis limpa.<br>- Coordinación co Plan Anual da Biblioteca:<br>  - Hora de ler.<br>  - Funcións da biblioteca.<br>  - Difusión actividades organizadas dende a biblioteca. |
| | Novembro | - Normas de convivencia:<br>  - Corto: |

| | | |
|---|---|---|
| | Decembro | - NOF<br>- Somos un grupo: Normas de aula<br>- Programa de técnicas e hábitos de estudio: Lectura comprensiva, suliñado, resume, esquema.<br>- Programa de Habilidades sociais, Educación para o benestar Emocional e en Valores:<br>- Educando na prevención da violencia de xénero<br>- Educando as emocións<br>- Sesión preavaliación<br>- Entrega boletín cualificacións 1º Avaliación. |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | Xaneiro<br>Febreiro<br>Marzo | - Sesión postavaliación.<br>- Programa de Habilidades sociais, Educación Emocional e en Valores: convivencia, emocións, empatía, axuda, amistade, resolución de conflictos, prevención de consumo de drogas, desenvolvemento afectivo sexual:<br>- Non a violencia sí a Paz.<br>- Traballamos en grupo.<br>- Película: “ las ventajas de ser un marginado”<br>- Sesión preavaliación<br>- Entrega boletín cualificacións 2º Avaliación. |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | Abril<br>Maio<br>Xuño | - Sesión postavaliación.<br>- Programa de Habilidades sociais, Educación para o benestar emocional e en Valores:<br>- charla obradoiro de educación sexual<br>-<br>- Aprender a decidir. Orientación académico profesional<br>- Avaliación da titoría.<br>- Entrega boletín cualificacións Avaliación Final Ordinaria. |

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal



**4º ESO**

| | | |
|---|---|---|
| PRIMEIRO TRIMESTRE | Setembro | * Acollida.<br>* Protocolo COVID-19 do IES Allariz<br>* Información sobre o curso.<br>* Cuestionario persoal. Situación educativa, conectividade e emocional ante a Covid 19<br>* Técnicas e Hábitos de estudio: medios telemáticos |
| | Outubro | * Programación da hora lectiva de titoría.<br>* Elección de delegado/a.<br>* Coordinación co Plan Anual da Biblioteca:<br>    * Hora de ler.<br>    * Funcións da biblioteca.<br>    * Difusión actividades organizadas dende a biblioteca. |
| | Novembro | * Repaso das Técnicas de estudio.<br>* Orientación académico profesional: titulación na ESO. |
| | Decembro | * Normas de convivencia: Dereitos e deberes.<br>    * NOF<br>    * Somos un grupo: Normas de aula<br>* Programa de Habilidades sociais. Educación para o benestar Emocional e en Valores:<br>    * Educando na prevención da violencia de xénero.<br>* Sesión preavaliación<br>* Entrega boletín cualificacións 1º Avaliación. |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | Xaneiro | * Sesión postavaliación.<br>- Programa de Habilidades sociais. Educación para o benestar Emocional e en Valores: emocións, empatía, axuda, amistade, resolución de conflictos, prevención de consumo de drogas, desenvolvemento afectivo sexual: |
| | Febreiro |     * Non a violencia sí a Paz.<br>    *<br>    *Traballamos en grupo. |
| | Marzo | * Programa de orientación vocacional: toma de decisión sobre o futuro académico e profesional.<br>* Sesión preavaliación.<br>* Entrega boletín cualificacións 2º Avaliación. |
| | Abril | * Sesión postavaliación<br>* Programa Educación en valores e para a Saúde: habilidades sociais, resolución conflictos, convivencia, dereitos humanos, sexualidade, imaxe persoal, estereotipos sociais, multiculturalismo,sexismo… |
| | Maio | |

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


| | | |
|---|---|---|
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | Xuño | ∗ Programa de orientación vocacional: toma de decisión sobre o futuro académico e profesional.<br>∗ Continuación Aprender a decidir. Orientación académico profesional<br>∗ Avaliación da titoría.<br>∗ Entrega boletín cualificacións Avaliación Final Ordinaria. |

## BACHARELATO:

| PLAN DE ACTIVIDADES TITORIAIS – BACHARELATOS - | CURSO 2020/21 |
|---|---|
| **ACOLLIDA:**<br>◊ Presentación da persoa titora.<br>◊ Protocolo COVID-19 do IES Allariz<br>◊ Horario e profesorado do grupo.<br>◊ Calendario escolar.<br>◊ Cuestionario persoal. Situación educativa, conectividade e emocional ante a Covid 19<br>◊ Técnicas e Hábitos de estudio: medios telemáticos<br>◊ Datas de avaliacións.<br>◊ Criterios de promoción de 1º a 2º.<br>**NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO:**<br>◊ Procedemento para xustificar as faltas. Normas de convivencia do centro.<br>◊ Condutas contrarias á convivencia e posibles sancións.<br>**ELECCIÓN DE PERSOA DELEGADA:**<br>◊ Funcións da persoa delegada. Elección. Acta<br>**BENESTAR EMOCIONAL**<br>◊ Detección, seguemento<br>**FAMILIAS:**<br>◊ Protocolo COVID-19 do IES Allariz<br>◊ Características xerais do centro (normas de convivencia, xustificación de faltas, calendario escolar,…).<br>◊ Característcias do grupo (nº de alumnas e alumnos, materias, profesorado, horario, procedemento de avaliación, criterios promoción, datas das avaliacións,…).<br>◊ Horario de titoría.<br>◊ Horario da persoa orientadora para a atención ás familias.<br>◊ Outros aspectos que se consideren relavantes.<br>*** ENTREVISTAS INDIVIDUAIS COAS FAMILIAS. PRE E POST AVALIACIÓN:**<br>◊ Recollida de información do alumnado para trasladar á xunta de avaliación, se procede.<br>◊ Reflexión sobre o rendemento en cada trimestre.<br>◊ Informar ao alumnado/familias sobre os acordos tomados nas sesións de avaliación. | PROFESORADO TITOR/ A |

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


<table>
<tr>
<td>
PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:<br>
◊ Entrevistas individuais coas familias.<br>
◊ Entrevistas individuais co alumnado.<br>
◊ Charlas informativas sobre:<br>
▪ Itinerarios que poden escoller ao promocionar a 2º. Titulación<br>
▪ Opcións académicas ao rematar o bacharelato.<br>
▪ Opcións para o alumnado que non titule.<br>
▪ Probas de acceso á universidade. ABAU<br>
▪ Bolsas e axudas.<br>
◊ Cuestionarios de intereses profesionais.<br>
<br>
ASESORAMENTO INDIVIDUALIZADO AO ALUMNADO:<br>
◊ Hábitos e técnicas de estudo.<br>
◊ Desenvolvemento emocional, persoal e social.
</td>
<td>XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</td>
</tr>
</table>

**ACTIVIDADES :**

**Alumnos :**

- Revisión e análise dos expedientes académicos
- Entrevistas
- Paso de probas, cuestionarios, test
- Charlas
- Visitas
- Visionado de videos
- Investigacións de grupos
- Internet( pax web, blogs) Consulta plans de estudios, residencias, ciclos, universidades…

**Profesores:**

- Reunións individuais e colectivas
- Especificar os apoios, tempos, recursos necesarios
- Entrega de información e material
- Consensuar as diferentes actividades

**Pais:**

- Reunións colectivas e individuais
- Planificar actividades dirixidas os pais
- Entrevistas
- Intercambio de información
- Recoller e analizar suxerencias

- Informa-los sobre aspectos relacionados ca orientación vocacional
- Solicitar a sua colaboración en determinadas actividades

**METODOLOXÍA :**

A nivel orientativo recoméndase que o titor parta dun respeto pola personalidade de cada alumno, da súa individualidade e das necesidades específicas que presente.

Debe ter en conta as ideas previas de cada alumno, as súas preferencias. Favorecerá actitudes positivas, solidarias, cooperativas a traves de actividades participativas, interactivas e constructivas e igualdade entre os sexos.

**RECURSOS:**

A nivel xeral podemos sinalar:

- Guión para as reunións do titor cos pais
- Guión para as entrevistas titoriais
- Ficha resumo do historial de cada alumno
- Curtametraxes
- Documentos
- Prensa
- Trípticos de diferentes estudios, universidades, centros
- Cuestionarios, test, probas sociométricas
- Material bibliográfico según o tema a traballar
- Consultas en internet

**AVALIACIÓN DO PAT:**

A avaliación do PAT farase en base a uns criterios, instrumentos e niveis de participación.

Os **criterios para avaliar** as titorias poderían ser entre outros os seguintes:

- Nivel de planificación
- Organización
- Interes e motivación suscitado
- Rendimento
- Adecuación das actividades, materiales...

Avaliaremos **inicialmente** para partir da necesidades detectadas e das directrices da CCP e do PAT anterior. Cada actividade será avaliada o rematar polos alumnos, titor e polo Departamento de Orientación nas reunións semanais- **av.continua**- . O propio plan será avaliado o **final** para recoller os logros e dificultades atopadas.

Os **instrumentos** que se utilizarán serán entre outros:

- Observacións
- Entrevistas
- Cuestionarios
- Análise de tarefas
- Intercambio de información
- Etc.

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


O PAT será **avaliado por tódolos participantes** no seu diseño e desenrolo, é decir, por alumnos, titores, Dep. orientación, profesores, xefe de estudios, CCP, Claustro, pais.

## 4.4.ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

A orientación Académico-Profesional entendémola coma un proceso de axuda que ten a finalidade de favorecelo desenrolo da capacidade de **autocoñecemento**, **toma de decisións** e búsqueda activa e crítica de información de tipo académico profesional de tal modo que o/a alumno/a poida efectuar un proceso personalizado, activo e crítico de elección académico e de **inserción laboral**.

Con todo este proceso estaremos favorecendo e contribuindo o:

- **Desenrolo integral do alumno e a igualdade de oportunidades.**
- **A disminuir a complexidade do sistema educativo e do mundo profesional.**
- **E a autorrealización tanto a nivel persoal como a nivel social.**

### OBXECTIVOS:

- Coordinar a Orientación Académico-Profesional dos alumnos o longo da súa permanencia no centro, especialmente nos cambios de curso e ante a elección de diferentes opcións académicas, formativas e profesionais.
- Proporcionar o alumno/a estratexias, información e recursos necesarios que lle proporcionen un coñecemento mais obxectivo de sí mesmo.
- Proporcionar o alumno/a información sobre a estructura do sistema educativo e as opcións e itinerarios tanto académicos como profesionais que lles ofrecen o término de cada curso ou etapa.
- Facilitar os alumnos/as aproximación o mundo do traballo, proporcionándolle información sobre o entorno socio-laboral e axudándolle na adquisición de habilidades e estratexias de búsqueda de emprego.
- Desenrolar no alumno/a a capacidade crítica a través da aprendizaxe de hábitos de análise e reflexión que lle permitan unha toma de decisións autónomas, maduras e responsables.
- Orientar o alumno/a na elección de alternativas, facendo que analice as ventaxas e inconvintes das diferentes opcións educativas e profesionais, examinando as que millor se axusten as súas posibilidades e preferencias.
- Colaborar coa xunta de avaliación na elaboración do Consello Orientador.
- Asesorar e colaborar coas familias para implicalas e facelas partícipes deste proceso de orientación académico- profesional.
- Evitar actitudes sexistas en cuanto a elección de campos profesionais.

## ACTUACIÓNS:

### A nivel xeral:

- ◊ Coordinación e apoio o alumnado, familia, profesorado no ensino presencial e a distancia.
- ◊ Proporcionar o material, formación e información necesaria os diferentes membros da comunidade educativa de maneira presencial ou a distancia utilizando diferentes medios telemáticos.

### Alumnos:

- ◊ Actuacións dirixidas a que os alumnos/as se coñezcan e valoren dunha forma axustada as súas capacidades, motivacións e intereses. A traves de actividades de autocoñecemento en 1º, 2º, 3º, 4º da ESO, 1º, 2º de Bacharelato.
- ◊ Actuacións destinadas a facilitar información suficiente o conxunto do alumnado sobre as diferentes opcións educativas e laborais relacionadas con cada etapa educativa e de maneira especial sobre aquelas que ofrezan o seu entorno. Estas actuacións as levaremos a cabo a través dun Programa de Orientación Académico-Profesional. Desenrolarase durante o segundo e terceiro trimestre de 2º, 3º,4º da ESO e 1º,2º de Bacharelato.
- ◊ Actuacións que propicien o contacto do alumnado co mundo do traballo e que poidan facilitar a súa inserción laboral.
- ◊ Actuacións dirixidas o/a alumno/a para que sea capaz de tomar as súas propias decisións. A desenrolar en 2º,3º,4º ESO, 1º, 2º de Bacharelato, .
- ◊ Actuacións dirixidas a superación de hábitos sociales discriminatorios por razón de sexo que condicionan o acceso a diferentes estudios e profesións.

### Profesores/as:

- ◊ Proporcionar material e apoio necesario para desenrolar as diferentes actuacións.
- ◊ Asesorar sobre diferentes actividades que se poden levar a cabo.
- ◊ Favorecer a incorporación nas diferentes materias/ módulos actividades que se relacionen co currículo correspondente.

### Pais/nais:

- ◊ Proporcionar información tanto académica como profesional respecto o seu fillo, sobre todo en alumnos con necesidades educativas especiais.
- ◊ Implicalas en actividades que se desenrolen respecto a Madurez Vocacional dos seus fillos.
- ◊ Asesorar as familias sobre as posibilidades que pode seguir/escoller o seu fillo.

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal



| 1º ESO | | |
|---|---|---|
| **BLOQUES TEMÁTICOS** | **CONTIDOS** | **RECURSOS** |
| **AUTOCOÑECEMENTO** | – Cuestionarios persoais:<br>o Cualidades<br>o Aficións<br>o Aptitudes e capacidades<br>o Rendemento académico | – Actividades de autocoñecemento<br>– Cuestionarios. |
| **COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO** | – Estrutura do sistema educativo: características da etapa de ESO materias, promoción e titulación. | – Blogue orientagal |
| **COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL** | – Elaboración dun profesiograma.<br>– Oficios do futuro | – Visionado de oficiograma. |
| **TOMA DE DECISIÓNS** | – Atréveste a soñar?<br>– Pasos a seguir nunha toma de decisións.<br>– Elección da materia de libre configuración en 2º ESO | – Visionado<br>– Actividades de toma de decisións. |

| 2º ESO | | |
|---|---|---|
| **BLOQUES TEMÁTICOS** | **CONTIDOS** | **RECURSOS** |
| **AUTOCOÑECEMENTO** | – Aptitudes.<br>– Rasgos de personalidade.<br>– Valores.<br>– Motivación<br>– Intereses profesionais<br>– Rendemento académico.<br>– Posibilidades persoais | – Blogueorientagal<br>– (cuestionarios online).<br>– PPS.Cuestionario de Preferencias Profesionais.<br>– Programas de orientación vocacional. |

| | | |
|---|---|---|
| **COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO** | – Estrutura do sistema educativo.<br>– Criterios de Promoción.<br>– Opcións académicas ó rematar 2º de ESO<br>– Materias en 3º ESO | – Blogueorientagal.<br>– Páxinas web (Consellería, MEC, outras…..) |
| **COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL** | – Profesións<br>– Profesiograma. | – Blogueorientagal<br>– Páxinas web |
| **TOMA DE DECISIÓNS** | – Fases do proceso de toma de decisións.<br>– Casos prácticos de toma de decisións.<br>– Elección da materia troncal de opciòn.<br>– Elección das materias específicas.<br>– Itinerario persoal. | – Cadernos de orientación.<br>– Programas de orientación vocacional. |

| **3º ESO** | | |
|---|---|---|
| **BLOQUES TEMÁTICOS** | **CONTIDOS** | **RECURSOS** |
| **AUTOCOÑECEMENTO** | – Intereses ou preferencias profesionais.<br>– Aptitudes.<br>– Rasgos de personalidade.<br>– Análise do historial académico: motivación, puntos fortes e débiles.<br>– Gustos, aficións. | – Programas de orientación vocacional.<br>– Cuestionarios de orientación académica. |
| **COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO** | – Criterios de promoción e titulación.<br>– Itinerarios académicos en 4ºESO.<br>– Opcións despois da ESO:<br>– Ensinanzas de réxime xeral.<br>– Formación profesional.<br>– Bacharelato.<br>– Estudos universitarios.<br>– Ensinanzas de réxime especial.<br>– Ensinanzas artísticas. | – Páxina web do centro.<br>– Blogueorientagal.<br>– Taboleiro do dpto. orientación.<br>– Outras páxinas web. |

| | | |
|---|---|---|
| | – Ensinanzas de idiomas.<br>– Ensinanzas técnico-deportivas. | |
| **COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL** | – Profesións.<br>– Profesiograma. Cuestionario de unha profesión.<br>– Oposicións.<br>– Formación ocupacional. | – Cadernos de orientación.<br>– Blogueorientagal<br>– Páxinas web.<br>– Cuestionarios. |
| **TOMA DE DECISIÓNS** | – Elección do itinerario educativo e materias de 4º de ESO. | – Cadernos de orientación.<br>– Programas de orientación vocacional. |

| **4º ESO** | | |
|---|---|---|
| **BLOQUES TEMÁTICOS** | **CONTIDOS** | **RECURSOS** |
| **AUTOCOÑECEMENTO** | – Intereses profesionais.<br>– Aptitudes.<br>– Personalidade.<br>– Rendemento académico.<br>– Valores. | – Cadernos de orientación.<br>– Blogueorientagal<br>– (cuestionarios online). |
| **COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO** | – Estrutura do sistema educativo.<br>– Criterios de titulación.<br>– Opcións académicas co título da ESO.<br>– Opcións académicas sen título da ESO.<br>– Bolsas e axudas.<br>– Prazos de admisión e matrícula. | – Blogueorientagal<br>– Programa Orienta<br>– Taboleiro do dpto. orientación.<br>– Páxinas web. |

| | | |
|---|---|---|
| **COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL** | – Profesións.<br>– Profesiograma. Cuestionario dunha profesión.<br>– Oposicións.<br>– SEPE (Servicio Público de Empleo Estatal).<br>– Formación ocupacional.<br>– Proceso de inserción laboral:<br>– Carta de presentación.<br>– Curriculum vitae.<br>– Pruebas psicotécnicas.<br>– Entrevistas de selección.<br>– Autoemprego. | – Caderno de orientación de APOCLAM.<br>– Blogueorientagal<br>– Páxinas web. |
| **TOMA DE DECISIÓNS** | – Proceso de toma de decisións:<br>– Identificar as diferentes alternativas.<br>– Sopesar os pros e contras de cada alternativa.<br>– Decidir e elaborar un plan de acción.<br>– Deseño do itinerario persoal. | – Cadernos de orientación. |

| **1º e 2º BACHARELATO** | | |
|---|---|---|
| **BLOQUES TEMÁTICOS** | **CONTIDOS** | **RECURSOS** |
| **AUTOCOÑECEMENTO** | – Aptitudes.<br>– Personalidade.<br>– Rendemento académico.<br>– Valores.<br>– Intereses Profesionais.<br>– Habilidades Sociais.<br>– Xestión emocional. | – Cuestionarios.<br>– Páxina web centro.<br>– Cadernos de orientación.<br>– Blogueorientagal<br>– Programa Orienta |

| | | |
|---|---|---|
| **COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO** | – Estrutura do sistema educativo.<br>– Características do Bacharelato:<br>– Criterios de promoción e titulación.<br>– Itinerarios.<br>– Cambio de modalidade.<br>– Opcións académicas co título de Bacharel:<br>  - Formación Profesional específica.<br>  - ABAU<br>  - Estudos Universitarios.<br>  - Ensinanzas de Réxime Especial:<br>    o Artísticas.<br>    o Técnico-deportivas.<br>    o Idiomas<br>  - Oposicións.<br>  - Outros estudos e ensinanzas especializadas.<br>– Opcións académicas sen título de Bacharel.<br>– Formación a distancia/ on line.<br>– Bolsas, axudas e premios.<br>– Prazos de admisión e matrícula.<br>– Residencias. | – Orientadora<br>– Taboleiro do dpto. Orientación.<br>– Blogueorientagal<br>– Páxinas web.<br>– Charlas de diferentes profesionais.<br>– Visitas educativas.<br>– Revistas especializadas. |
| **COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL** | – O mercado laboral.<br>– Observación de Profesións e postos de traballo.<br>– Profesiograma.<br>– Oposicións.<br>– SEPE (Servicio Público de Empleo Estatal).<br>– Empresas de traballo temporal (ETT)<br>– Formación ocupacional.<br>– Proceso de inserción laboral:<br>– Carta de presentación.<br>– Curriculum vitae.<br>– Probas psicotécnicas.<br>– Entrevistas de selección.<br>– Autoemprego.<br>– Voluntariado. | – Cadernos de orientación.<br>– Blogueorientagal<br>– Páxinas web emprego.<br>– Visitas a centros productivos.<br>– Prensa e Revistas especializadas.<br>– APPS<br>– COIE universitarios.<br>– Redes Sociais. |

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


| | | |
|---|---|---|
| **TOMA DE DECISIÓNS** | – Proceso de toma de decisións:<br>– Identificar as diferentes alternativas.<br>– Sopesar os pros e contras de cada alternativa.<br>– Decidir e elaborar un plan de acción.<br>– Deseño do itinerario persoal. | – Orientadora.<br>– Direccións de interese.<br>– Cadernos de orientación. |

A nivel xeral podemos sinalar:

- Blog de orientación (**blogueorientagal)**
- Cuestionarios de exploración inicial, recollida de datos e comentario grupal
- Programas informáticos sobre itinerarios educativos, autocoñecemento…
- Elaboración da guia informativa
- Programa ORIENTA
- Estudio da traxectoria escolar persoal
- Estudio de casos
- Entrevistas individuais e coa familia
- Elaborar organigrama do sistema educativo coas posibles salidas o término de cada curso/etapa
- Elaboración dun folleto informativo coa oferta educativa do noso centro
- Visitas a outros centros con diferente oferta educativa
- Estudio do mercado laboral local, provincial
- Recollida, análise e comentario de noticias de prensa relacionadas coa actividade económica
- Clasificación de profesións en campos profesionais
- Identificar actitudes sexistas no mundo laboral
- Visitas a empresas
- Entrevistas, coloquio de profesionais, empresarios
- Videos
- Algún xogo de roles, de simulación
- Elaboración de cartas de presentación, curriculo vitae...
- Búsquedas en INTERNET

## RECURSOS:

**Material:** didáctico, audiovisual, bibliográfico, fichas, xogos, guías de recursos, xornais, folletos...
**Personais :** orientadora, xefe de estudios, titores/as, familia, empresarios, universidade, calquer outro según a actividade

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


**AVALIACIÓN:**

**Criterios de avaliación:**

- Satisfacción dos diferentes participantes
- Suficiencia e pertinencia das actividades
- Aplicabilidade e funcionalidade
- Etc

**Instrumentos :**

- Cuestionarios
- Entrevistas
- Análise de tarefas
- Observación
- Comentarios

**Implicados:**

- Os diferentes participantes evaluarán as actividades: profesores, titores, alumnos, familias, departamento de orientación...

## 4.5. Apoio do profesorado de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe

Alumnado dos distintos grupos de 1º 2º 3º e 4º da ESO e 2º Bacharelato, con necesidades específicas de apoio educativo, reciben atención docente directaou indirecta(seguimento) por parte da mestra de PT e do mestre de AL. As medidas de atención á diversidade levadas a cabo son reforzos educativos, AC e reeducación logopédica. Así mesmo as horas de exención da 2º lingua estranxeira en 1º e 2º ESO serán impartidas pola PT.

Do mesmo modo, as materias nas que se vai intervir son Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá, Xeografía e Historia e 1º Lingua estranxeira. As actuacións a realizar co alumnado serán deseñadas sempre a partires dos principios de normalización e inclusión, tal e como se recolle na normativa vixente.

Ao longo do curso irase incorporando aquel alumnado que presente algunha necesidade específica, previa valoración da orientadora-PT-AL.

### ORGANIZACIÓN HORARIA

O alumnado recibirá o apoio dentro da aula e excepcionalmente fora nas distintas materias á mesma hora que teñen esa materia na aula ordinaria.

O especialista AL nos casos de atención logopédica individual o apoio será fora de aula.

O horario é flexible, aberto a calqueira modificación segundo as necesidades que vaian aparecendo a partir da avaliación inicial e ao longo do curso.

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal



## OBXECTIVOS

**En relación co alumnado**:

- Favorecer o desenvolvemento das capacidades persoais.
- Que cada alumno/a desenvolva ao máximo posible as súas potencialidades.
- Facilitar o acceso e desenvolvemento do currículo.
- Favorecer a súa integración.
- Fomentar o hábito de traballo diario e o estudo sistemático.
- Mellorar a autoestima e autoconcepto do alumnado, aumentando a seguridade en si mesmo/a e a confianza nas súas posibilidades.
- Favorecer o proceso de aprendizaxe autónoma.
- Dar resposta ás necesidades e intereses dos alumnos e alumnas, programando os contidos en función dos mesmos, na medida do posible.

**En relación co profesorado/orientadora**:
- Participar na prevención, detección e valoración das dificultades de aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como na elaboración das adaptacións curriculares significativas.

- Colaborar e asesorar na elaboración de actividades educativas de apoio para o alumnado, así como facilitar ao profesorado materiais de apoio para o traballo na aula ordinaria.

**En relación coas familias**:
- Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe dos seu fillos/as.

## METODOLOXÍA

Os criterios xerais para as liñas metodolóxicas a seguir son as seguintes:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado (avaliación inicial). Propoñer actividades e procedementos de avaliación diversificados, adaptados aos diferentes niveis e intereses.
- Aprendizaxes funcionais e significativas, potenciando a xeneralización das aprendizaxes que realizan na aula.
- Potenciar a implicación do alumnado nas aprendizaxes, incrementando a súa participación e colaboración.
- Favorecer a motivación do alumnado; a súa predisposición para a aprendizaxe:
- Aproximando os contidos curriculares aos seus intereses e á súa vida cotiá.
- Realizar problemas aplicando diferentes estratexias de resolución.
- Favorer as interaccións positivas entre os membros do grupo- clase.
- Adecuar os contidos que se queiran ensinar ás aptitudes e dificultades de aprendizaxe de cada alumno e alumna.

É imprescindible unha boa coordinación entre todos os profesionais do centro implicados na educación dos alumnado que presenta dificultades, e co Departamento de Orientación; ademais de coa propia familia a fin de favorecer o intercambio de información. Para isto faranse reunións periódicas con todos eles.

AVALIACIÓN

Segundo o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, *polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e terá carácter formativo e integrador de todas as materias.

Para pór en marcha os obxectivos propostos anteriormente é necesario levar a cabo unha avaliación tanto a nivel centro como de contexto e alumnado ao longo de tres importantes momentos: inicial, continua e final.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo que poderán levarse a cabo en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades. Estas medidas estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Estableceranse medidas o máis adecuadas posibles para que as condicións de realización das avaliación de adapten aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Realízase unha avaliación inicial no mes de setembro-principios de outubro para elaborar os plans de intervención daqueles nenos/as que xa foran atendidos no curso anterior polos mestres PT/AL. Ao longo do curso levarase a cabo unha avaliación continua e formativa que nos proporcionará información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, podendo modificar diversos aspectos en función do que obteñamos. A información será recollida e irase completando no “Plan de Intervención” de cada especialista para cada alumno/a.

Todo o traballo será revisado periodicamente coa finalidade de modificar a resposta educativa elexida.

Elaborarase un informe final cualitativo que reflicta os obxectivos traballados, alcanzados e non alcanzados. Tamén reflictirá o modo de traballar co alumno/a, sendo punto de referencia para o curso seguinte.

## 4.6. Aportacións dende orientación ao proxecto lector e plan anual de lectura

- Programa de técnicas e hábitos de estudo: lectura comprensiva, velocidade lectora, aprender a facer resumos e esquemas...
- Favorecer o emprego da biblioteca escolar. Potenciar a biblioteca como centro de recursos e fonte de información. Promover a lectura como vía de acceso á información.
- O profesorado de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe traballarán directamente co alumnado diferentes aspectos relacionados coa lectura (velocidade, comprensión, fluidez, exactitude) e a escritura (ortografia, grafía, exactitude, expresión escrita)
- Impulsar o uso da biblioteca escolar, onde o departamento de orientación porá a disposición da comunidade educativa libros sobre diferentes temas.
- Colaborar co equipo de biblioteca na organización de actividades conxuntas, difusión e uso da biblioteca.
- Promover a consolidación de hábitos lectores e escritores.

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


- Consultar textos, en soporte impreso (revistas, folletos, libros...) e dixital sobre saídas laborais e profesionais.
- Buscar e seleccionar información en libros, revistas, periódicos, internet, letras de cancións...; facer murais, debates, exposicións, reflexións escritas, entrevistas cando se abordan os temas transversais na titoría e cando se organizan actividades para as celebracións (día da Paz, contra a violencia....),
- O departamento de orientación poderá proporcionar ao profesorado que imparte a exención da 2º Lingua Estranxeira, en 1º e 2º de ESO, material que inclúe actividades relacionadas coa lectura e a escritura.

## 4.7. Actividades complementarias planificadas polo departamento

As actividades a levar a cabo dependerán da situación covid-19 durante o curso

| |
|---|
| **ALUMNADO** |
| **1ºESO** |
| Charla-obradoiro |
| **2ºESO** |
| Charla-obradoiro |
| **3ºESO** |
| Charla obradoiro |
| **4ºESO** |
| Charlas |
| **1º E 2º BACHARELATO** |
| Control de estrés-técnicas de relaxación<br>Universidades<br>Centros de FP<br>CIUG |
| **FAMILIAS** |
| |
| **CENTRO** |

## 4.8. Organización do traballo en caso de ensino non presencial

### 4.8.1. Orientadora

Procedemento de comunicación entre alumnado, familias e docentes:

- Plataforma Classroom
- Aula virtual
- Correo electrónico edu xunta, Gmail
- Videoconferencias: Ciscowebex, Google meet
- Comunicación telefónica, videochamadas
- Páxina web do centro

Obxectivos e finalidades da comunicación entre alumnado, familias e docentes:

- Adaptación da función orientadora á situación do momento
- Coordinación das actuacións entre os componentes do departamento de orientación na adecuada atención á diversidade.
- Asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na
- atención a diversidade.
- O coidadado e benestar emocional.
- Continuar co PAT e POAP a través dos procedementos alternativos de comunicación xa utilizados no 3º trimestre do curso pasado.

Persoas responsables:

- Orientadora, mestre de audición e linguaxe, mestra de pedagoxía terapéutica, profesorado de materia, titores/as, equipo directivo.

Temporalización:

- O tempo que se modifique a modalidade de ensino adaptaremos a labor orientadora establecendo no horario de traballo tempos para a orientación, coordinación, apoios, asesoramento, elaboración de material… a través dos diferentes procedementos sinalados anteriormente.

### 4.8.2. mestra de pedagoxía terapéutica

Procedemento de comunicación entre alumnado, familias e docentes (metodoloxía):

- Empregaremos a aula virtual e classroom buscando sempre a forma de comunicación directa con este alumnado.
- Buscaremos que os contidos sexan o máis significativos posible.
- Toda a intervención levada a cabo co alumnado, tanto de exentos como de reforzo e ACI, será de maneira coordinada co titor/a e profesorado de materia. As intervencións serán no marco das súas comunicacións.

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


- Adaptaránse as actividades a realizar e o formato de videoclase ás súas necesidades, co consenso do resto do profesorado e seguindo as pautas da orientadora.
- Tratarase de individualizar ó máximo as intervencións e actividades propostas.

Obxectivos e finalidades da comunicación entre alumnado, familias e docentes:

- Asegurarnos de que o alumnado sabe empregar os dispositivos, e entenden as tarefas.
- Adicar os primeiros días de curso a formar dixitalmente ó alumnado.
- Chegar o máximo posible ó alumnado.
- Coordinar co resto do equipo educativo toda a actividade para non sobrecargar ó alumnado.
- Proporcionar o traballo organizado e con pautas claras.
- Estructurar as actividades para que sexan motivadoras, funcionais e relacionadas cos seus intereses.
- Enviar telemáticamente materiais específicos para reforzar as dificultades individuais.
- Asegurarnos de que o alumnado sabe empregar os dispositivos, e entenden as tarefas.
- Adicar os primeiros días de curso a formar dixitalmente ó alumnado.

Recursos:

- Cisco Webex
- G-suite (Classroom –meet)
- Aula virtual
- Drive
- Correo electrónico
- Coordinación co profesorado de materia e titores para compartir carpetas en Drive para enviarlles as tarefas.

Avaliación:

- Atención individualizada por videochamadas e e-mail.
- Seguimiento continuo a través de alguna ficha ou cuestionario que enviaremos ó titor/a e profesorado.
- Seguimento do alumnado a través dos seus traballos entregados e das clases en cisco webex.

Persoas responsables:

- Mestra de pedagoxía terapéutica, profesorado de materia, titor/a, orientadora, equipo directivo.

Temporalización:

- O tempo que se modifique a modalidade de ensino adaptaremos a atención ao alumnado establecendo no horario de traballo tempos para, apoios, coordinación, elaboración de material… a través dos diferentes procedementos sinalados anteriormente.

### 4.8.3. mestre de audición e linguaxe

Na eventualidade da suspensión das clases regulares, a actuación no eido de audición e linguaxe vai estar moi comprometida pola súa natureza eminentemente presencial. Deste xeito faise necesaria unha reformulación da intervención para paliar, na medida do posible, a mingua funcional respecto á dinámica directa das aulas. Para garantir a continuidade da acción docente, as medidas contempladas son as seguintes:

Obxectivos e finalidades da comunicación entre alumnado, familias e docentes:

Tentarase acadar estes obxectivos mediante unha comunicación, colaboración e coordinación fluída e funcional co claustro, empregando as ferramentas tecnolóxicas e dixitais máis axeitadas a cada situación e que xa resultaron de utilidade no pasado curso (correo electrónico, Cisco Webex, Google Meet, Google Docs, Drive, Dropbox, teléfono e mensaxería instantánea).

Estes obxectivos quedarán moi limitados pola interrupción da intervención directa e presencial, polo que serán adaptados e reformulados nestes términos:

- Promoción de hábitos autónomos de estudo e establecemento de rutinas de traballo na casa.
- Proporcionar apoio no emprego funcional das ferramentas dixitais no ensino a distancia.
- Deseñar tarefas e materiais optimizados para a súa transmisión dixital e realización autónoma.
- Incidir no emprego axeitado da expresión escrita nas comunicacións a distancia.
- Prestar atención aos aspectos motivacionais do alumnado e das familias.

Procedemento de comunicación entre alumnado, familias e docentes (metodoloxía):

- Aula Virtual e/ou correo electrónico para o envío/recepción de tarefas, documentos e comunicacións, podendo contemplar o emprego de outras aplicacións como Google Docs ou Drive segundo o caso (**no CEIP**).
- Paquete G-Suite ou aplicacións similares establecidas polo centro no seguimento das clases regulares (**no IES**).
- Cisco Webex ou Google Meet para as comunicacións audiovisuais individuais ou grupales, contemplando o servizo de videochamada Whatsapp naqueles casos de dificultades no emprego de ferramentas máis complexas (**ambos centros**).
- Aplicacións de mensaxería instantánea como recurso alternativo na comunicación e envío de tarefas e documentación, no caso de non ser posibles outros canais (**ambos centros**).

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


Temporalización:

O tempo que se modifique a modalidade de ensino adaptaremos a atención ao alumnado establecendo no horario de traballo tempos para, apoios, coordinación, elaboración de material… a través dos diferentes procedementos sinalados anteriormente.

Recursos:

Neste aspecto serán obviados os materiais manipulables e de intervención directa, recorrendo a elaboración, adaptación e dixitalización de recursos impresos segundo as necesidades do alumnado atendido.

Avaliación:

- Atención individualizada por videochamadas e e-mail.
- Seguimiento continuo a través de alguna ficha ou cuestionario que enviaremos ó titor/a e profesorado.
- Seguimento do alumnado a través dos seus traballos entregados e das clases en cisco webex.

Persoas responsables:

Mestre de audición e linguaxe, profesorado de materia, titor/a, orientadora, equipo directivo.

## 5. IMPLEMENTACIÓN DO POE

Gran parte das actuacións do POE desenrolaranse a traves do PAT e outras na medida do posible a través das diferentes materias.

Os responsables do seu desenrolo serán os profesores, os titores, coordinados polo Departamento de Orientación e o Xefa de Estudios.

## 6. AVALIACIÓN

Os diferentes ámbitos do POE serán obxecto de avaliación así como o plan no seu conxunto. Dita avaliación será realizada tanto o principio, durante e o final para comprobar a súa adecuación e poder ir modificando as diferentes actuacións cando sexa preciso.

Os instrumentos de avaliación serán os mesmos que os mencionados na avaliación dos diferentes ámbitos:

- Observacións
- Cuestionarios
- Entrevistas
- Intercambio de información
- Outros

IES de Allariz
Rúa Emila Pardo Bazán s/n
32660 Allariz
ies.allariz@edu.xunta.gal


O POE será avaliado por tódolos axentes implicados no seu diseño como no seu desenrolo:

- Equipo directivo
- Profesores/as
- Titores/as
- Departamento de orientación
- Alumnado
- Familias
- Inspección
- Outros

Os resultados da avaliación quedarán plasmados na Memoria que realizará o Departamento de Orientación ao finalizar o curso escolar.

**ALLARIZ**
**SETEMBRO DE 2020**
**XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**
**ANGELES MIRANDA BABARRO**